

# OUTRAS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO

## EXENCIÓN FRANCÉS 1º-2º ESO

- Esta medida está dirixida ao alumnado con dificultades continuadas de aprendizaxe, en particular na área de lingua.
- O alumnado quedará exento do segundo idioma estranxeiro para recibir reforzo educativo nas áreas instrumentais.
- No caso do alumnado de 1º de ESO, a decisión de adopción desta medida ven dada polo grao de desenvolvemento das competencias en Educación Primaria así como polo resultado da avaliación inicial realizada polo profesorado do centro e o asesoramento do Departamento de Orientación.
- A familia debe ser coñecedora da aplicación desta medida sendo o centro o responsable de proporcionar esta información.
- Non levará cualificación numérica no seu expediente, tendo unha **E** por defecto no caso de tomar esta medida.

## ALUMNOS DE MÍNIMOS

- Trátase dunha medida que intenta resolver un problema específico de aprendizaxe (lectura, escritura, atención, memorización, etc.).
- Lévese a cabo dentro da aula por parte do profesor da materia ou, se é posible, dentro ou fóra da aula por profesorado de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe ou outro profesorado do centro.
- A decisión de adopción desta medida ven dada pola valoración do profesorado que imparte clase a ese alumno co asesoramento do Departamento de Orientación.
- A familia debe ser coñecedora da aplicación desta medida sendo o centro o responsable de proporcionar esta información.
- Os contidos, obxectivos, criterios de avaliación e competencias básicas que se traballarán serán os mínimos da materia obxecto da aplicación.
- A cualificación estará consensuada entre o profesor da materia e os outros profesores implicados (PT, AL ou outros). Será numérica do 1 ao 10.
- O profesor da materia terá que introducir a cualificación no XADE, especificando na mesma a medida **RE**.

## ALUMNOS IMEI

- Trátase dunha medida que intenta resolver un problema específico de idioma (lectura, escritura,) xa que se lle aplica aos alumnos estranxeiros que non coñecen as linguas oficiais de Galicia.
- Lévese a cabo fóra da aula por parte do profesor de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe ou outros profesores do centro.
- A decisión de adopción desta medida ven dada pola valoración do profesorado que imparte clase a ese alumno co asesoramento do Departamento de Orientación.
- A familia debe ser coñecedora da aplicación desta medida sendo o centro o responsable de proporcionar esta información.
- Os contidos, obxectivos, criterios de avaliación e competencias básicas que se traballarán serán os mínimos da materia na cal o alumno estará fóra da aula. Si se modificaran significativamente estes obxectivos, contidos e/ou criterios de avaliación esta medida pasaría a ser ACS.
- A cualificación estará consensuada entre o profesor da materia e os profesores implicados(PT, AL ou outros). Será numérica do 1 ao 10.
- O profesor da materia terá que introducir a cualificación no XADE, especificando na mesma a medida **RE**.